



CIRCULAR 77/2011

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO CADETE E XUVENIL DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

Ourense, 15 de xaneiro do 2012

1.- A Delegación da FGA en Ourense organizará o **Campionato Galego cadete e xuvenil individual e por equipos de campo a través** o domingo 15 de xaneiro do 2012 en Ourense no circuito de Monterrei.

2.- O Campionato disputarase na categoría *cadete* (anos 1997-1998) e *xuvenil* (anos 1995-1996) (homes e mulleres).

3.- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2011/2012) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola FGA, inda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.

3.3.- Atletas nacionais ou extranxeiros convidados expresamente pola FGA, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

4.-Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros. Asemade existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos da clasificación masculina e da feminina.

5.- A clasificación por equipos realizarase da seguinte forma:

5.1.- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaron a lo menos 4 atletas.

5.2.- Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubes que enviaron a inscrición a FGA no prazo previsto.

5.3.- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.

5.4.- Sumaranse os puntos dos 4 millores clasificados de cada equipo, salvo na categoría cadete e xuvenil mulleres que soamente computarán as 3 millores clasificadas.

5.5.-Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.

5.6.- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto (terceiro na categoría cadete e xuvenil mulleres) atletas terminara máis próximo ó vencedor da proba.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



6.- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES CADETE-XUVENIL			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
12.00	CADETE-XUVENIL	Mulleres	3.400 m. aprox.
12.20	CADETE-XUVENIL	Homes	5.400 m. aprox.

7.- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA www.atletismogalego.org, como data límite o martes anterior a competición, ata as 20:00 horas do día **10 de xaneiro**.

8.- Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán confirmar a composición dos seus equipos, así como retirar os seus dorsais, ata 40' antes da saída de cada proba. Rematado este período non se admitirá a participación do atleta.

9.- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

10.- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

11.- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase da acordo coas normas da IAAF.

12) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.
- Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a secgeneral@fgatletismo.com sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 21 de decembro de 2011



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Nota: Achégase Circuito do campionato e vias de acceso.

CIRCUITO DE MONTERREI

PLANO DAS INSTALACIÓNS E PERCORRIDO

- ① Entrada Instalación
- ② Vestiarios
- ③ Secretaría
- ④ Entrega de Premios
- ⑤ Dorsais e Documentación
- ⑥ Aparcamientos

HORARIOS

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE CATEGORIAS MENORES				
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA	Nº DE VOLTAS
10:30	Benxamín	Mulleres	800 m. aprox.	1 V.P.
10:40	Benxamín	Homes	800 m. aprox.	1 V.P.
10:50	Alevín	Mulleres	1400 m. aprox.	2 V.P.
11:05	Alevín	Homes	2100 m. aprox.	1 V.P. + 1 V.G.
11:20	Infantil	Mulleres	2100 m. aprox.	1 V.P. + 1 V.G.
11:40	Infantil	Homes	2800 m. aprox.	2 V.G.

CAMPIONATO GALEGO CAMPO A TRÁVÉS CADETE E XUVENIL				
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA	Nº DE VOLTAS
12:00	Cadete e Xuvenil	Mulleres	3400 m. aprox.	1 V.P. + 2 V.G.
12:20	Cadete e Xuvenil	Homes	5400 m. aprox.	4 V.G.

CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRÁVÉS CURTO				
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA	Nº DE VOLTAS
12:50	Absoluta	Mulleres	4000 m. aprox.	3 V.G.
13:15	Absoluta	Homes	4000 m. aprox.	3 V.G.

ZONA SAÍDA ① 150 m. aprox.

VOLTA GRANDE ① ② ③ ④ ⑤ ① 1300 m. aprox.

VOLTA PEQUENA ① ② ③ ④ ⑤ ① 600 m. aprox.

ZONA META ① 50 m. aprox.